

-Suplente: o/a titular da Sudirección Xeral de Coordinación Técnica e Planificación Estatística da anterior consellería.

-O/a titular do centro directivo de Centros e Ordenación Educativa, en representación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Suplente: o/a titular da Subdirección Xeral de Ordenación Educativa da anterior consellería.

-O/a titular do centro directivo de Apoio á Inmigración, en representación da Consellería de Emigración.

-Suplente: o/a titular da Subdirección Xeral de Apoio á Inmigración da anterior consellería.

-O/a titular do centro directivo de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, en representación da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

-Suplente: o/a titular da Subdirección Xeral de Ensino e Desenvolvemento Pesqueiro da anterior consellería.

-O/a titular da Secretaría Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local en representación desta consellería.

-Suplente: o/a titular da Subdirección Xeral de coordinación Administrativa e Control Orzamentario da anterior consellería.

-O/a titular do centro directivo do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

-Suplente: o/a titular do centro directivo técnico de Administración e Fomento da anterior consellería.

Secretario: o/a titular do centro directivo de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Suplente: o/a titular da Subdirección Xeral de Inclusión Social e Cooperación coas Corporacións Locais da anterior consellería.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social para, no exercicio das súas competencias, dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2003.

María José Cimadevila Cea
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego
e Relacións Laborais

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de novembro de 2003 pola que se conceden axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en proxectos de mobilidade transnacional no marco do programa europeo de formación profesional Leonardo da Vinci durante o ano 2003.

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de xuño de 2003, convocáronse axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en proxectos de mobilidade transnacional no marco do programa europeo de formación profesional Leonardo da Vinci durante o ano 2003.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo 5 da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder con cargo ó concepto orzamentario 07.04.322T.481.0 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional as axudas que se relacionan no anexo.

Segundo.-De acordo co artigo 7 as axudas serán aboadas da seguinte forma:

As axudas aboaranse unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica e entrega da memoria de actividades por parte da entidade colaboradora da xestión de axudas públicas, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, achegando a documentación á que fai referencia o punto 2º do artigo 8, no prazo máximo dun mes contado a partir do remate das actividades.

Terceiro.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Acepta-la axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non acepta esta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilita-la información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poida efectuar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustifica-lo correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

3.1. Memoria.

Os centros beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas que inclúa:

a) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

b) Obxectivos conseguidos.

c) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles.

3.2. Xustificación dos gastos efectuados.

No caso de centros educativos, unha certificación do Consello Escolar do centro aprobatoria do gasto, xuntando unha relación detallada das facturas e recibos que servirán de xustificantes do proxecto realizado.

No caso de centros de formación continuada do profesorado, certificación do director/a pola que se aproba o gasto, xuntando unha relación detallada das facturas e recibos que servirán de xustificantes do proxecto realizado.

Cuarto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 17 de outubro de 2003 pola que se fixa o prezo de venda ó público da publicación: Guía de actuación en urgencias prehospitalarias.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público da publicación editada pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de se-lo caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2003.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

Guía de actuación en urgencias prehospitalarias: 16,8 euros.

ANEXO

CENTRO ESCOLAR	PROVINCIA	TÍTULO DO PROXECTO	PAÍS DE DESTINO	AXUDA CONCEDIDA
IES FONTIÑAS	A CORUÑA	EUROPEAN SECRETARIES	REINO UNIDO BÉLXICA	10.434
IES LUIS SEOANE	PONTEVEDRA	F.A.P.E.	ALEMAÑA, FRANCIA, MALTA, IRLANDA	1.129
IES RIBEIRA DO LOURO	PONTEVEDRA	ELECTRONIC COMMERCE SKILLS DEVELOPMENT IN EUROPE	IRLANDA MALTA	5.638,75
IES RIBEIRA DO LOURO	PONTEVEDRA	TRAINING FOR A HIGHER TECHNICIAN IN ECOMMERCE	MALTA	687
IES MELIDE	A CORUÑA	MOVILIDAD EN EL ÁMBITO DE LA MADERA	ALEMAÑA	981,64
IES PORTA DA AUGA	LUGO	AUTOTRAINER	ITALIA	4.392
IES PORTA DA AUGA	LUGO	BOOMERANG	ITALIA	3.400
IES TEIS	PONTEVEDRA	SPA PLACEMENTS	SUECIA	1.295
IES TEIS	PONTEVEDRA	HAIRDRESSING & BEAUTHTHERAPY IN EUROPE	SUECIA	679,60
IES TEIS	PONTEVEDRA	BODYCARE IN SPAS 2002	HOLANDA	5.258
IES TEIS	PONTEVEDRA	BODYCARE IN SPAS 2001	HOLANDA	840
IES ESCOLAS PROVAL	PONTEVEDRA	ESCOLAS PROVAL EN EUROPA	FRANCIA, ITALIA, REINO UNIDO	9.667
TOTAL				44.401,99

Orde do 22 de outubro de 2003 pola que se acorda a cesión da propiedade de bens mobles, automóviles, propiedade do Servicio Galego de Saúde a favor dos concellos de Baiona (Pontevedra) e Portomarín (Lugo).

O Servicio Galego de Saúde por mor de mellora-la prestación da asistencia sanitaria na Comunidade Autónoma, concedeu permisos de utilización temporal a favor de distintos concellos de varias ambulancias propiedade del. Algúns deses vehículos en virtude do tempo transcorrido non son útiles na actualidade para a realización de labores de ambulancia e de acordo co Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario, superan o tempo máximo establecido para o seu destino a fins sanitarios. Por todo iso, os concellos de Baiona (Pontevedra), Portomarín (Lugo) solicitan a cesión dos vehículos que utilizan para seren destinados a outros fins que redunden no interese xeral do municipio.

Con este fin o Servicio Galego de Saúde tramitou o expediente de cesión de ditos vehículos de conformidade co disposto no artigo 35 bis da Lei 3/1985,